



INSTITUTO
GALEGO DE
ESTADÍSTICA




INFORME SOBRE OS INDICADORES DE ACTIVIDADE E DE VEB DO SECTOR SERVIZOS

Xullo 2022

Santiago de Compostela, 22 de setembro de 2022

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>


- O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de xullo en Galicia un incremento do 25,5% respecto ao mesmo mes do ano anterior, taxa 3,7 puntos inferior á do mes de xuño. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos crece o 18,3%, 5,2 puntos menos que no mes anterior.
- No Comercio aumenta a facturación o 24,0% e nos Outros servizos o 29,4%.
- En todas as comunidades autónomas aumenta a cifra de negocios.
- O persoal ocupado no sector servizos crece en Galicia un 2,3% e en España un 4,0% respecto ao mesmo mes do ano anterior.
- Todas as comunidades autónomas rexistran incrementos do persoal ocupado no mes de xullo.



1. Cifra de negocios

1.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de xullo en Galicia un incremento do 25,5% respecto ao mesmo mes do ano anterior, taxa 3,7 puntos inferior á do mes de xuño. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos crece o 18,3%, 5,2 puntos menos que no mes anterior.



O *Comercio*, cun incremento do 24,0%, suma 16,8 puntos á taxa de variación do índice xeral; os *Outros servizos* aumentan a súa facturación o 29,4% e achegan 8,7 puntos á taxa de variación do índice xeral.

En España a facturación no *Comercio* crece o 16,4% e nos *Outros servizos* o 22,0%.

Nas actividades comerciais, o *Comercio por xunto* crece o 30,4%, co que achega 14,8 puntos a taxa de variación do índice xeral, a *Venta e reparación de vehículos de motor* aumenta un 2,7% e achega 0,1 puntos e o *Comercio ao retalho* crece un 10,4% co que suma 1,8 puntos. A nivel nacional, o *Comercio por xunto* aumenta o 20,7%, o *Comercio ao retalho* o 11,7% e a *Venta e reparación de vehículos de motor* o 3,0%.

Os *Outros servizos* incrementan a cifra de negocios en Galicia o 29,4%. Todos os sectores aumentan a súa facturación agás as *Actividades profesionais, científicas e técnicas* (-1,5%). Os maiores incrementos rexístranse no *Transporte*, 39,9%, co que achega 6,2 puntos a taxa de variación do índice xeral, e na *Hostalería*, 35,7%, co que achega 1,4 puntos.

En España, os *Outros servizos* crecen o 22,0%. Todos os sectores rexistran taxas positivas. Os maiores incrementos rexístranse na *Hostalería* (24,2%), no *Transporte* (39,7%) e nas *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (40,6%).

Nos primeiros sete meses do ano, o índice xeral aumenta un 27,0% en Galicia e un 22,7% no conxunto de España. O *Comercio* crece en Galicia un 23,7% e os *Outros servizos* un 36,2%. España rexistra taxas inferiores, 21,4% no *Comercio* e 25,3% nos *Outros servizos*.

Todos os sectores rexistran taxas positivas. En Galicia, os maiores incrementos rexístranse no *Comercio por xunto* (28,7%), *Transporte* (45,6%) e *Hostalería* (77,6%).

1.2 Índice de cifra de negocios ponderando por VEB

Utilizando como ponderación o VEB en lugar da cifra de negocios, o índice aumenta o 19,2% no mes de xullo.

Os sectores que máis contribúen a este incremento son: o *Transporte*, cunha taxa do 32,6% achega 7,8 puntos e o *Comercio*, que achega 7,5 puntos, cun incremento do 21,9%. En senso contrario, as *Actividades profesionais, científicas e técnicas* diminúen un 4,7%.

No que vai de ano, o índice rexistra unha taxa do 29,5%. Os maiores crecementos danse no *Transporte* (33,9%) e *Hostalería* (73,3%).

1.3 Datos corrixidos de calendario

O efecto calendario determina as diferenzas que se producen nunha variable pola diferente estrutura que teñen os meses (tanto en número de días como na composición de días laborables e festivos).

Se se elimina este efecto, o índice ponderado por cifra de negocios aumenta o 28,7% respecto ao mesmo mes do ano anterior e o índice ponderado por VEB o 20,5%.

O seguinte gráfico amosa a evolución do indicador de actividade do sector servizos corrixido de calendario segundo o método de ponderación.




1.4. Indicadores por comunidades autónomas

No mes de xullo aumenta a cifra de negocios en todas as comunidades autónomas respecto ao mesmo mes do ano anterior. Os maiores crecementos danse en Illes Balears (46,9%), Canarias (33,6%) e Galicia (25,5%). Os menores incrementos rexístranse en Castilla - La Mancha (5,9%) e Murcia (8,6%).

No que vai de ano, as comunidades con maiores incrementos da cifra de negocios son Illes Balears (52,2%) e Canarias (43,6%). As comunidades autónomas con menores crecementos son Murcia (11,5%) e Castilla - La Mancha (14,7%).

Índices de cifra de negocios. Xullo 2022

Taxa de variación en %




2. Persoal ocupado

2.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O persoal ocupado aumenta en Galicia un 2,3% respecto ao mes de xullo de 2021, 1,7 puntos menos que en España (4,0%).

O persoal ocupado crece un 1,8% no *Comercio* e un 2,7% nos *Outros servizos*. O maior incremento dáse na *Hostalería* (8,9%) mentres que rexistran taxas negativas a *Venta e reparación de vehículos de motor* (-2,4%), o *Transporte* (-1,4%) e as *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (-0,9%).



En España, o persoal ocupado aumenta en todos os sectores. O maior crecemento rexístrase tamén na *Hostalería* (8,5%).

No que vai de ano, a ocupación crece un 3,2% en Galicia e un 4,8% no conxunto de España. O maior incremento dáse na *Hostalería*, 11,3% en Galicia e 14,1% en España. O *Transporte* é o único sector en Galicia con taxa negativa, -0,6%, mentres que a nivel nacional todos os sectores rexistran taxas positivas.

2.2. Indicadores de ocupación por comunidades autónomas

Todas as comunidades autónomas incrementan o emprego no sector servizos no mes de xullo con respecto ao mesmo mes do ano 2021. As taxas máis elevadas rexístranse en Illes Balears (11,4%) e Canarias (7,1%). A taxa máis baixa rexístrase en Aragón (0,1%).

No acumulado do ano, os maiores crecementsos danse en Illes Balears (16,5%) e Canarias (6,8%). As comunidades con menores incrementos son Aragón (1,5%) e Castilla y León (2,1%).

Notas metodolóxicas

Cifra de negocios: comprende os importes facturados pola empresa pola prestación de servizos e venda de bens que son obxecto do tráfico da empresa, incluídos os realizados por subcontratación. Contabilízanse incluíndo os impostos que gravan os bens e servizos coa excepción do IVE repercutido ao cliente.

Persoal ocupado: É o número total de persoas que traballan na empresa; inclúe o persoal remunerado, persoal que non percibe unha remuneración fixa ou salario (propietarios que traballan na empresa e axudas familiares), persoal facilitado polas empresas de traballo temporal y traballadores autónomos dependentes con contrato non laboral.

Valor engadido bruto: Para cada unidade dedicada a unha actividade produtiva, é a diferenza entre a produción e os consumos intermedios. Valórase a prezos básicos, que son os prezos que os produtores reciben dos compradores restando calquera imposto que se pague e sumando calquera subvención que se reciba.

Os indicadores constrúense a partir dos microdatos dos Indicadores de actividade do sector servizos subministrados polo INE.

Os índices son provisionais polo que poden modificarse nos meses seguintes.

Anexo cadros

Cadro 1. Índices de cifra de negocios. Xullo 2022

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	173,0	25,5	27,0
Comercio	164,6	24,0	23,7
Venta e reparación de vehículos de motor	111,2	2,7	15,0
Comercio por xunto	181,2	30,4	28,7
Comercio ao retallo	135,8	10,4	10,1
Outros servizos	197,3	29,4	36,2
Transporte	277,1	39,9	45,6
Hostalería	154,9	35,7	77,6
Información e comunicacións	130,0	12,9	16,8
Actividades profesionais, científicas e técnicas	147,4	-1,5	5,3
Actividades administrativas e servizos auxiliares	136,7	30,7	21,7
España			
Xeral	150,9	18,3	22,7
Comercio	152,9	16,4	21,4
Venta e reparación de vehículos de motor	132,8	3,0	4,6
Comercio por xunto	165,6	20,7	27,7
Comercio ao retallo	134,6	11,7	13,3
Outros servizos	147,2	22,0	25,3
Transporte	153,1	24,2	28,4
Hostalería	158,7	39,7	73,1
Información e comunicacións	117,6	7,3	9,2
Actividades profesionais, científicas e técnicas	152,3	8,2	9,5
Actividades administrativas e servizos auxiliares	157,3	40,6	36,8

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir de datos suministrados por INE

Cadro 2.- Índices de cifra de negocios ponderada por VEB. Xullo 2022

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	166,7	19,2	29,5
Comercio	159,2	21,9	22,1
Transporte	216,3	32,6	33,9
Hostalería	166,5	23,1	73,3
Información e comunicacións	132,0	14,7	18,1
Actividades profesionais, científicas e técnicas	140,4	-4,7	8,6
Actividades administrativas e servizos auxiliares	172,5	7,4	17,9

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir de datos suministrados por INE

Cadro 3. Índices de cifra de negocios por comunidades autónomas.
Xullo 2022

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	150,9	18,3	22,7
Andalucía	143,1	15,8	18,9
Aragón	154,3	16,5	20,1
Asturias	146,2	12,1	17,6
Baleares, Illes	189,5	46,9	52,2
Canarias	141,0	33,6	43,6
Cantabria	159,8	9,2	17,0
Castilla y León	134,5	11,6	15,0
Castilla-La Mancha	144,5	5,9	14,7
Cataluña	146,1	17,8	21,8
Comunitat Valenciana	156,5	15,5	18,5
Extremadura	153,0	15,3	17,5
GALICIA	173,0	25,5	27,0
Madrid	153,6	19,7	25,7
Murcia	145,1	8,6	11,5
Navarra	151,5	15,5	22,5
País Vasco	147,5	13,2	18,4
Rioja, La	152,7	9,0	16,2

Fonte: N E

Cadro 4. Índices de persoal ocupado. Xullo 2022

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	110,1	2,3	3,2
Comercio	111,7	1,8	2,1
Venta e reparación de vehículos de motor	96,8	-2,4	0,4
Comercio por xunto	123,0	1,1	1,1
Comercio ao retalho	108,2	3,1	3,2
Outros servizos	108,9	2,7	3,9
Transporte	100,3	-1,4	-0,6
Hostalería	105,0	8,9	11,3
Información e comunicacións	117,5	2,3	3,8
Actividades profesionais, científicas e técnicas	113,0	3,5	2,2
Actividades administrativas e servizos auxiliares	115,7	-0,9	1,9
España			
Xeral	111,2	4,0	4,8
Comercio	108,1	2,0	2,1
Venta e reparación de vehículos de motor	105,7	1,0	1,2
Comercio por xunto	109,4	1,7	1,5
Comercio ao retalho	107,6	2,4	2,5
Outros servizos	113,2	5,3	6,5
Transporte	111,2	3,7	3,3
Hostalería	109,2	8,5	14,1
Información e comunicacións	119,3	5,9	5,3
Actividades profesionais, científicas e técnicas	111,8	3,5	2,9
Actividades administrativas e servizos auxiliares	118,0	4,3	5,2

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados por INE

Cadro 5. Índices de persoal ocupado por comunidades autónomas.
Xullo 2022

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	111,2	4,0	4,8
Andalucía	108,0	3,5	4,9
Aragón	110,4	0,1	1,5
Asturias	109,2	2,4	3,3
Baleares, Illes	133,3	11,4	16,5
Canarias	106,2	7,1	6,8
Cantabria	111,5	1,4	4,0
Castilla y León	104,0	1,0	2,1
Castilla-La Mancha	112,1	3,3	4,5
Cataluña	115,1	5,1	5,9
Comunitat Valenciana	109,4	3,2	3,6
Extremadura	111,0	4,1	5,0
GALICIA	110,1	2,3	3,2
Madrid	111,1	4,7	4,5
Murcia	120,6	3,5	3,8
Navarra	109,4	3,4	4,3
País Vasco	104,7	1,2	2,2
Rioja, La	108,6	2,1	2,4

Fonte: NE